

COMO SE FINANCIAN AS PENSÍONS E COMO SE FINANCIA O RESTO DO GASTO?

• Por que só as pensións se financian con cotizacións, cando o resto do gasto público (por exemplo o gasto militar con máis de 15.000 millóns anuais, a Igrexa Católica con 11.000 millóns, ou a Casa Real), págase co orzamento do Estado?

• Por que o goberno aplica unha desgravación fiscal ás pensións privadas, perdendo o estado máis de 3.000 millóns de euros ao ano que poderían ingresar nas pensións públicas.

• Por que pagamos todos e todas os máis de 40.000 millóns do rescate entregados para sanear os negocios especulativos da banca, cando os seus beneficios só serán para os seus accionistas banqueiros?

• Por que o Estado Español entrega cada ano 80.000 millóns de € ao Banco Central Europeo para que este llo dea aos bancos privados a un interese do 0,5% e o Estado ten logo que pagar a estes bancos un interese do 6% ou 7%?

Con todo isto, sobraría diñeiro para pagar o dobre das pensións.

Ao mesmo tempo que o estado entrega miles de millóns de euros á banca, á igrexa ou aumenta a súa inversión en gasto militar, ataca o dereito da clase traballadora a cobrar unha pensión digna.

A MAIORÍA DA CLASE TRABALLADORA COBRA PENSÍONS DE MISERIA

€/MES	% pensionistas
de 150€ a 350€	6,4%
de 350,1€ a 600€	38,4%
de 600,1€ a 650€	2,8%
de 650,1€ a 1.000€	21,5%
de 1.000,1€ a 1.500€	16,1%
de 1.500,1€ a 2.000€	8,8%
máis de 2.000€	6,0%

O 70% dos pensionistas cobran menos de 1000€. Hoxe son moitas destas pensións as que están salvando as familias, e con esta reforma vivirán en situación de pobreza.

En Galiza esta reforma empobrece máis o noso pobo, por termos os salarios máis baixos e máis precariedade no traballo con menos anos cotizados.

**Volven roubarnos,
volven empobrecernos**

**MOBILICÉMONOS
EN DEFENSA DAS
NOSAS PENSÍONS**



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com

UNHA NOVA REFORMA DAS PENSÍONS **UN NOVO ROUBO!**



O INFORME DOS "EXPERTOS" DA BANCA E ASEGURADORAS

Para xustificar ante a sociedade esta reforma, o PP crea un "Comité de Expertos" que propón as medidas que logo aplicará o goberno. Das 12 persoas escollidas polo PP para este comité, 9 representan a bancos e aseguradoras, interesadas en promover as pensións privadas para o seu único beneficio.

XA NON ASEGURAN O IPC NAS PENSÍONS ACTUAIS

A primeira medida proposta por este comité e aprobada polo goberno é modificar a lei que actualizaba as pensións cada ano como mínimo ao nivel do IPC. Con esta lei xa perdíamos poder adquisitivo, pois os prezos de maior gasto na economía das familias (luz, auga, alimentos...) subían moi por riba do IPC. Agora o PP aplicará de suba cada ano nas pensións un 0,25%, polo que en relación ao IPC dos últimos 5 anos a nosa pensión perdería un 9,5%. Nunha pensión de 1.000€/mes perderíanse 95€ cada mes e 1.330€ no ano. Un roubo á clase traballadora.

9 dos 12 "expertos" que elaboraron a reforma estiveron ou están a soldo de bancos ou aseguradoras, que serán os grandes beneficiados.

Nunha pensión de 1000€/mes perderíanse 95€ cada mes e 1330€ ao ano. Un roubo á clase traballadora.

A MENTIRA SOBRE A ESPERANZA DE VIDA

Para finais deste ano preparan unha nova reforma que en 10 anos podería reducir as nosas pensións até nun 20%. Para isto aplicarán un coeficiente sobre a esperanza de vida. Manipulan os datos para o seu propio interese, pois saben que as persoas con menor renda -a clase traballadora con oficios mais duros- ten unha esperanza de vida 10 anos menor que os máis ricos. Por tanto teñen unha pensión máis baixa e viven menos anos.

Manipulan os datos da esperanza de vida, pois saben que as persoas con menor renda viven 10 anos menos de media.

O PESO DAS PENSÍONS NO ESTADO ESPAÑOL É MENOR QUE NOUTROS PAÍSES

Se comparamos as pensións de outros países europeos descubrimos outra gran mentira. O PP dinos que se non fai a reforma, no 2060 as pensións suporían o 16% do PIB. Agora as pensións representan só o 10% do PIB, mentres por exemplo en Italia o 16%, Francia o 14,6%, Alemaña o 12,8%, e a media na UE é do 13%. Por tanto, o Estado podería adicar 60.000 millóns máis ao ano para igualarse con estes países

As pensións pesan menos no PIB do Estado Español que no da maioría de países da UE

UNHA REFORMA PARA FAVORECER AOS RICOS E DEFRAUDADORES

Non é un problema de gasto, é un problema de ingresos. O PP goberna para as grandes empresas e bancos, aqueles que fixeron doazóns ilegais a este partido. Teñamos en conta que aínda con cinco millóns trescentos mil desempregados, a caixa das pensións tivo un resultado positivo de 2.500 millóns no ano 2011.

O PP recorta as pensións pero favorece as grandes empresas, responsábeis da fraude fiscal millonaria.

A finais do ano pasado o goberno modificou o imposto de sociedades para as grandes empresas que deixaron de pagar a Facenda 5.800 millóns. Estas mesmas Empresas que segundo a Inspección de Facenda son responsábeis do 90% da fraude fiscal ao Estado, mais de 74.000 millóns de € que desvían a paraísos fiscais, como Suíza, Mónaco, Andorra, etc. O goberno non toma medidas contra elas, que alimentan a corrupción no Estado, pero tómanas contra a clase traballadora empobrecéndonos con reformas laborais, das pensións, das prestacións por desemprego, sanidade, ensino, etc.